



**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE O INCREMENTO PARA O PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E COA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EJERCICIO 2021**

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e cooperación aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Por iso e en coherencia con esta obriga legal, as deputacións aproban plans provinciais anuais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

Así mesmo, desde hai varios exercicios, a Deputación Provincial de Ourense vén sumando un superávit importante que se distribúe, en boa medida, a través de criterios discrecionais e non equitativos, mediante un mecanismo de subvencións directas que impide a moitos concellos percibir achegas adecuadas ás súas necesidades máis perentorias.

A situación económica e social derivada da pandemia mundial ocasionada polo virus SARS-CoV-2, está a mudar algunhas das prioridades nos investimentos das administracións públicas. No caso concreto das entidades locais, é perentorio que reciban osíxeno financeiro para afrontar as necesidades xurdidas nos últimos meses e a obriga de artellar axudas e achegas extraordinarias para afectados e afectadas pola paralización da súa actividade económica.

A meirande parte das entidades locais da provincia de Ourense carecen dos recursos extraordinarios precisos para facer fronte a estas inesperadas obrigas. Ante este reto, é preciso que a Deputación de Ourense auxilie aos concellos ourensáns de forma inmediata. A institución provincial conta cun voluminoso orzamento e un importante remanente que permiten executar as modificacións orzamentarias precisas, para achegar aos municipios os cartos que precisan para estas necesidades derivadas da pandemia.

Como xa fixemos no mes de marzo do pasado ano, o grupo provincial do PSdeG-PSOE volve solicitar a través desta moción, que se duplique o importe –orzamentado inicialmente en 1.830.000 euros– para o programa provincial de cooperación cos concellos e coa entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade, ata os 3.660.000 euros. Desta forma buscamos repetir neste 2021 unha achega moi relevante para as entidades locais ourensáns, que xa foi aprobada mediante unha modificación das bases no pleno extraordinario do 29 de abril de 2020.

Deste incremento non só se verán beneficiados os concellos e a entidade local menor de Berán; tamén todas aquelas persoas que, a través deste programa, terán unha oportunidade laboral nun momento complicado para moitas economías familiares. No pasado exercicio



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

2020 foron inicialmente 89 os concellos adheridos a este plan e tamén a entidade local menor de Berán. Coa modificación aprobada por todos os grupos desta institución, non só viron incrementada a súa contía estas entidades, senón que os dous concellos que non solicitaran inicialmente a súa incorporación (Castrelo de Miño e A Gudiña) finalmente si puideron adherirse ao programa, recibindo 20.000€ cada concello.

Tralo exposto, argumentado, debatido e aprobado no citado pleno de abril do pasado 2020, todos os indicadores socioeconómicos foron a peor. Nada impide duplicar novamente a dotación orzamentaria para este programa. Ao contrario: é moi necesario. Sirva como exemplo comparativo que o número de persoas desempregadas na provincia de Ourense en abril de 2020 era de 20.689 persoas, incrementándose ese número, con datos de xaneiro de 2021, ata as 20.781 persoas.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense a que modifique as bases para duplicar o importe destinado ao Programa Provincial de Cooperación cos concellos e coa Entidade Local Menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio de 2021

En Ourense, a 10 de febreiro de 2021

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**